



Ilmo Concello de  
CAMBADOS

## ACTA DE SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CAMBADOS O DÍA 27 DE AGOSTO DE 2015.

### ASISTENTES:

- Abal Roma, Fátima (P.S.deG.-PSOE) – Alcaldesa
- Abal Varela, José Ramón (Cambados PODE), no segundo punto.
- Aragunde Aragunde, Luis (P.P.)
- Brea Troncoso, Mónica (P.P.)
- Caamaño Rivas, Víctor Manuel (B.N.G.)
- Cacabelos Domínguez, María Josefa (B.N.G.)
- Charlín Trigo, Xurxo (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados)
- Cordal Rodríguez, Constantino (Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados), no segundo punto.
- Cores Chaves, José Juan (P.P.)
- Gómez Blanco, Juan Ramiro (P.P.)
- Iglesias Pombo, Antonio Joaquín (P.P.)
- Martínez Piñeiro, Milagros (P.S.deG.-PSOE)
- Pérez Osorio, Miguel (P.S.deG.-PSOE)
- Prado Cores, María Teresa (B.N.G.)
- Pomares Botana, Eulogio (P.P.)
- Varela Piñeiro, María Isabel (P.P.)

### NON ASISTE:

- Serantes González, Luis Alberto (P.P.)

**SECRETARIO:** Alberto Fuentes Losada

Na localidade de Cambados, sendo as vinte e unha horas do día 27 de agosto de 2015, e ao efecto de proceder a celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación, reúnen-se os Sres. Concelleiros electos, aos efectos de tratar os asuntos incluídos na Orde do Día:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28.07.2015.-

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS ADOSADOS ÓS EDIFICIOS E CON ACCESO DENDE A VÍA PÚBLICA.-



3º.- ADOPCIÓN, SE PROCEDE, DE ACORDO POR PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL DO CONCELLO DE CAMBADOS A FAVOR DOS USUARIOS DO CENTRO OCUPACIONAL DE SAIAR.-

4º.- ADOPCIÓN, SE PROCEDE, DE ACORDO POR PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL DO CONCELLO DE CAMBADOS PARA QUE A BIBLIOTECA MUNICIPAL PASE A CHAMARSE "LUÍS REI".-

5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA.-

6º.- CONTESTACIÓN A PREGUNTAS FORMULADAS.-

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

-----

**1º.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28.07.2015.-** Aberta a sesión, pola Presidencia pregúntase ós señores concelleiros se teñen algunha obxección que formular á acta da sesión anterior, celebrada o pasado día 28 de xullo, e non formulándose ningunha, a Corporación Municipal acorda prestarlle a súa aprobación.-

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS ADOSADOS ÓS EDIFICIOS E CON ACCESO DENDE A VÍA PÚBLICA.-**

Dictaminado o asunto favorablemente por parte da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, en reunión celebrada o día 26.08.2015, por parte do Concelleiro-Portavoz, Delegado na área de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción, Sr. Charlín Trigo, dase lectura do seu informe técnico-económico, que figura incluído no expediente, no que se recolle o seguinte:= "En cumprimento de lo dispuesto en la Providencia de Alcaldía de fecha 6 de agosto de 2015, en relación con el expediente relativo a la imposición y aprobación de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la tasa por aprovechamiento especial de la vía pública con cajeros automáticos y otros elementos análogos adosados a los edificios y con acceso directo desde la vía pública, el Concejal Municipal que suscribe, de conformidad con lo ordenado en los artículos 24 y 25 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, efectúa el siguiente: INFORME:= PRIMERO. Se trata de un aprovechamiento especial por los que el Ayuntamiento puede exigir una tasa.= SEGUNDO. El artículo 24.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, prescribe que "El importe de las tasas por utilización privativa o el aprovechamiento especial del dominio público local se fijará: = a) Con carácter general, tomando como referencia el valor que tendría en el mercado la utilidad derivada de dicha utilización o aprovechamiento si los bienes afectados no fuesen de dominio público. A tal fin las Ordenanzas fiscales podrán señalar en cada caso, atendiendo a la naturaleza






Ilmo Concello de  
CAMBADOS

específica de la utilización privativa o del aprovechamiento especial de que se trate, los criterios y parámetros que permitan definir el valor del mercado de la utilidad derivada.= b) Cuando se utilicen procedimientos de licitación pública, el importe de la tasa vendrá determinado por el valor económico de la proposición sobre la que recaiga la concesión, autorización o adjudicación.= c) Cuando se trate de tasas por utilización privativa o aprovechamientos especiales constituidos en el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas municipales, a favor de empresas explotadoras de servicios de suministros que resulten de interés general o afecten a la generalidad o a una parte importante del vecindario, el importe de aquellas consistirá, en todo caso y sin excepción alguna, en el 1,5% de los ingresos brutos procedentes de la facturación que obtenga anualmente en cada término municipal las referidas empresas.= A estos efectos, se incluirán entre las empresas explotadoras de dichos servicios las empresas distribuidoras y comercializadoras de los mismos.= No se incluirán en este régimen especial de cuantificación de la tasa los servicios de telefonía móvil.= Este régimen especial de cuantificación se aplicará a las empresas a que se refiere este párrafo c), tanto si son titulares de las correspondientes redes a través de las cuales se efectúan los suministros como si, no siendo titulares de dichas redes, lo son de derechos de uso, acceso o interconexión a las mismas.= A efectos de lo dispuesto en este párrafo, se entenderá por ingresos brutos procedentes de la facturación aquellos que, siendo imputables a cada Entidad, hayan sido obtenidos por la misma como contraprestación por los servicios prestados en cada término municipal.= No se incluirán entre los ingresos brutos, a estos efectos, los Impuestos indirectos que graven los servicios prestados ni las partidas o cantidades cobradas por cuenta de terceros que no constituyan un ingreso propio de la Entidad a la que se aplique este régimen especial de cuantificación de la tasa.= Las empresas que empleen redes ajenas para efectuar los suministros deducirán de sus ingresos brutos de facturación las cantidades satisfechas a otras empresas en concepto de acceso o interconexión a las redes de las mismas. Las empresas titulares de tales redes deberán computar las cantidades percibidas por tal concepto entre sus ingresos brutos de facturación. Así mismo, no se incluirán entre los ingresos brutos procedentes de la facturación las cantidades percibidas por aquellos servicios de suministro que vayan a ser utilizados en aquellas instalaciones que se hallen inscritas en la sección 1ª. o 2ª. del Registro Administrativo de Instalaciones de Producción de Energía Eléctrica del Ministerio de Economía, como materia prima necesaria para la generación de tributación por este régimen especial.= El importe derivado de la aplicación de este régimen especial no podrá ser repercutido a los usuarios de los servicios de suministro a que se refiere este párrafo c).= Las tasas reguladas en este párrafo c) son compatibles con otras tasas que puedan establecerse por la prestación de servicios o la realización de actividades de competencia local, de las que las empresas a que se refiere esta letra deban ser sujetos pasivos conforme a lo establecido en el artículo 23.1.b) de esta Ley, quedando excluida, por el pago de esta tasa, la exacción de otras tasas derivadas de la utilización privativa o el aprovechamiento especial constituido en el suelo, subsuelo o vuelo de las



vías públicas municipales".= TERCERO. Conforme a lo anterior, en este estudio económico se determinan los posibles criterios, parámetros o referencias que permitan hallar el valor de mercado o de la utilidad derivada del aprovechamiento especial del dominio público local, tomando como referencia el valor que tendría en el mercado dicha utilidad.= Para ello hay que partir de los diferentes hechos impositivos regulados en el artículo 20.3 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, y aplicar los parámetros, criterios o referencias más adecuados para la presente tasa: - Tendidos, tuberías, galerías para las conducciones de energía eléctrica, agua, gas o cualquier otro fluido incluidos los postes para líneas, cables, palomillas, cajas de amarre, de distribución o de registro, transformadores, rieles, básculas, aparatos para venta automática y otros análogos que se establezcan sobre vías públicas y otros terrenos de dominio público local o vuelen sobre los mismos.= - Precio medio por m<sup>2</sup> del dominio público a ocupar.= - Coste medio pavimentación por m<sup>2</sup>.= - A la suma de los anteriores, aplicar el 6% aproximadamente (interés del dinero en el mercado) de coste financiero/arrendamiento/año.= - Tener en cuenta: m<sup>2</sup> afectados; intensidad del aprovechamiento; duración mínima al año o semestre.= Ya sea, por m<sup>2</sup> o por metros lineales o bien por elementos o unidades, siendo en este caso aplicado el criterio de 300 € por unidad.= CUARTO. El artículo 25 de la LRHL establece la obligatoriedad de elaborar un informe técnico-económico previo al establecimiento de la tasa en el que "se ponga de manifiesto el valor de mercado", como referencia para fijar el importe de la tasa por utilización privativa o aprovechamiento especial del dominio público. Se entiende como "valor de mercado", a estos efectos, el valor que tendría la utilidad derivada de la utilización o aprovechamiento, si los bienes afectados no fuesen de dominio público.= Por otro lado, el valor de mercado, que la norma claramente impone a las Corporaciones locales como referencia para fijar las tarifas de ésta tasa, de modo que quede excluida la discrecionalidad administrativa en su cuantificación, impide fijar las tarifas de la tasa en función de parámetros distintos de la utilidad obtenida, que de acuerdo con la doctrina incluye la intensidad de uso del bien, y su eventual valor de mercado, pero no la modalidad del uso u otros criterios como la rentabilidad esperada. Por ello, usos diferentes pero igualmente intensos del mismo bien no deberían verse gravados por cuantías distintas de la tasa. En este sentido, la doctrina ha considerado como valor de mercado lo que costaría el arrendamiento del suelo público si fuera privado, teniendo en cuenta, en primer lugar, el valor de adquisición del suelo según su zona o categoría, y adicionalmente la duración del aprovechamiento y la superficie ocupada.= Para el cálculo de esta tasa también se ha tenido en cuenta los valores medios de mercado establecidos la ORDEN de 29 de diciembre de 2014 por la que se desarrolla el medio de comprobación de valores de precios medios de mercado aplicable a determinados inmuebles rústicos y urbanos situados en la Comunidad Autónoma de Galicia, y se aprueban los precios medios en el mercado aplicables en el ejercicio 2015. Esta orden tiene por objeto desarrollar el medio de comprobación del valor de precios medios





Ilmo Concello de  
CAMBADOS

en el mercado a que se refieren los artículos 57.1.c) de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, general tributaria y 27.uno del texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos por el Estado, aprobado por el Decreto legislativo 1/2011, de 28 de julio, así como aprobar los precios medios en el mercado aplicables en el ejercicio 2015. Teniendo en cuenta que el precio medio de mercado que establece esta orden para el Concello de Cambados por metro cuadrado es de 650 Euros.= Por lo que empleando un ejercicio de racionalidad y no abuso que una aplicación rigurosa de la norma dice o pretende decir. Circunstancia que además se complica cuando queremos aplicar y conjugar con rigurosidad el principio de capacidad económica, el de proporcionalidad, la intensidad de uso, la superficie, el tiempo real de ocupación de la vía y la utilidad de aprovechamiento. La exigencia de 300 euros anuales a una entidad por el aprovechamiento especial de la vía pública potencialmente las 24 horas de cada día del año, no puede considerarse desproporcionado y por lo tanto ajustado a precio de mercado.= Lo que pone en conocimiento de la Corporación Municipal para su aprobación, si así lo estima procedente, en unión del texto de la Ordenanza fiscal correspondiente." = Segue a decir o Sr. Charlín Trigo que este tipo de taxas xa se veñen aplicando noutras poboacións e que coida que a cantidade non é excesiva tendo en conta o servizo que se presta.

O Portavoz do P.P., Sr. Aragunde Aragunde, manifesta a conformidade do seu grupo coa proposta.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: dezaseis (Sres.: Abal Varela, Aragunde Argunde, Brea Troncoso, Caamaño Rivas, Cacabelos Domínguez, Charlín Trigo, Cordal Rodríguez, Cores Chaves, Gómez Blanco, Iglesias Pombo, Martínez Piñeiro, Pérez Osorio, Prado Cores, Pomares Botana, Varela Piñeiro e Sra. Alcaldesa).

Votos en contra: ningún

- Abstencións: ningunha

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

- 1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados ós edificios e con acceso directo dende a vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados ós edificios e con acceso directo dende a vía pública; e,
- 2º.- Que se expoña ó público o expediente, polo prazo de trinta días, ós efectos de exáme e reclamacións, mediante edictos publicados no B.O.P. e no Taboleiro da Consistorial; e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, quedará elevado automaticamente a definitivo o presente acordo inicial, publicándose, por último, o texto íntegro da Ordenanza no referido diario oficial, ós efectos da súa entrada en vigor.



**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS E OUTROS**

**ELEMENTOS ANÁLOGOS ADOSADOS ÓS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA.-**

**ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.**= En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais.

**ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.**= Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público con caixeiros automáticos e demais aparatos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos, e outros análogos, achegados ós edificios, por implicar un aproveitamento especial da vía pública ou unha especial intensidade de uso da mesma, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ó uso público. A ordenanza non será de aplicación ós casos de caixeiros sitios en espazos delimitados por elementos permanentes de peche.

**ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.**= Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza:

1) As persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito imponible e en calquera caso, a entidade titular do caixeiro automático.

2) Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separados susceptible de imposición.

3) Os beneficiarios dun aproveitamento continuado que figuren no correspondente padrón, en tanto non presenten a baixa, aínda no caso de que cesasen no aproveitamento, mesmo cando o cesamento no dito aproveitamento se deba a causas non imputables ó contribuínte.

**ARTIGO 4º. TARIFAS.**= A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será:  
**Por unidade de caixeiro automático, ó ano: 300 €**


Establécese a obriga, a efectos de practicar a correspondente liquidación, de declarar perante a Administración tributaria a instalación e a desinstalación do caixeiro.

**ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.**= A obrigación de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace no momento de obter a preceptiva licenza ou ó comezar o aproveitamento especial, coa instalación do correspondente caixeiro.

A preceptiva licenza deberá obterse da Administración municipal previamente ó exercicio do aproveitamento. Para os caixeiros exteriores xa existentes e que contén coa licenza municipal, comezarán a aboar a tarifa dende a entrada en vigor desta ordenanza.

**ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.**= 1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna licenza. En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo o disposto no regulamento de bens das entidades locais aprobado polo real decreto 1372/86.





Ilmo Concello de  
CAMBADOS

2. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.

**ARTIGO 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.**= 1. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do aproveitamento especial, en cuxo caso, o período impositivo se axustará a esta circunstancia co conseguinte prorrateo da cota, calculándose as tarifas proporcionalmente ó número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do aproveitamento especial.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento do aproveitamento, as tarifas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente ós trimestres naturais nos que non se producira o aproveitamento citado.

2. O Concello procederá a xirar anualmente a liquidación tributaria que corresponda. o pagamento da taxa se realizará por ingreso directo na tesourería municipal, ou nas entidades bancarias que establecese o Concello.

**DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA.**= Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e Prezos Públicos, e preceptos concordantes da Lei Xeral tributaria e da Lei Xeral Presupostaria.

**DISPOSICIÓN FINAL.**= A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra."

**3º.- ADOPCIÓN, SE PROCEDE, DE ACORDO POR PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL DO CONCELLO DE CAMBADOS A FAVOR DOS USUARIOS DO CENTRO OCUPACIONAL DE SAIAR.-**


Dáse conta da proposta da Presidencia, informada favorablemente pola Comisión Informativa de Sanidade e Tereceira Idade con data 26.08.2015.= "Constantino Cordal Rodríguez, na súa condición de Concelleiro de Servizos Sociais do Concello de Cambados, comparece e como mellor proceda en dereito di.= Que ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os artigos 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases do réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal o seguinte acordo.= **MOTIVOS.**= O Centro Ocupacional de O Saiar, sito en Caldas de Reis, constitúe un referente en Galicia no desenvolvemento de actuacións e programas de inserción social para persoas afectadas por algún tipo de discapacidade. Este centro, dependente da Xunta de Galicia, fai un traballo moi recoñecido a favor da calidade de vida de moitas persoas a través de programas pioneiros.= Nos



últimos meses certa inquedaanza instalouse entre as persoas que precisan deste centro, porque nas últimas decisións do Goberno galego en relación co Saiar poden impedir o seu bo funcionamento.= A política da Xunta en materia de servizos sociais está a suponer: menos recursos económicos para os servizos sociais, máis copago para as persoas usuarias e unha atención máis vinculada á asitencialidade que a asegurar o cumprimento efectivo dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente.= Ante esta situación, por todo o exposto, o Goberno de Cambados, PROPÓN, para a súa aprobación no Pleno, que a Xunta de Galicia:

- 1.- Rectifique a súa política en relación co Centro Ocupacional de O Saiar, de maneira que se anule o copago previsto para que siga sendo un centro gratuíto para as persoas usuarias.=
- 2.- Faga as reformas necesarias para a modernización das instalacións e o correcto funcionamento do centro."

Intervén o Portavoz do Grupo Municipal do P.P. para dicir que van a votar a favor deste acordo en apoio ao centro Saiar, pero que no acordo do equipo de goberno di: " a política da xunta en materia de servizos sociais está a suponer menos recursos económicos para os servizos sociais", e a iso debe dicir que no ano 2009 publicaban os medios de comunicación o Orzamento da Xunta de Galicia e para esa anualidade era de 11.793 Mill €, e nos artigos reflectían que a porcentaxe que a Xunta do bipartito (PSOE-BNG) destinaba a "gasto social", era o 59 por cento do presuposto total, e este ano, 2015, a Xunta de Galicia destina o 78 por cento do seu orzamento a "gasto social".= Que o gasto social incrementouse en 10 puntos dende o ano 2009, un compromiso que se demostra con cifras:= O orzamento da Consellería de Traballo e Benestar para o 2015 é de 742 millóns de euros, 15 millóns máis que no 2014; en dependencia incrementouse este ano novamente as axudas.= No 2009 destinaban 126 Mill €, e no 2015 destínanse 298,4 Mill € máis do dobre.= Multiplicáronse por 5 o número de prestacións recoñecidas en Galicia. En abril de 2009, o número de prestacións recoñecidas era só de 14.000, ademáis 46.000 persoas estaban pendentes de atender.= En inclusión social (risga...) en 2014 eran 62,2 Mill € un 85% máis que nos orzamentos de 2009.= En 2015 son 70 Mill €, un 17,7% máis que no 2014.= En axudas de inclusión social para este ano son 4,5 Mill € un 55% máis que no 2009.= En "discapacidade" destínanse 100 Mill €, o que supón un incremento do 3% en relación ao 2014.= Para mellorar a empregabilidade das persoas con discapacidade incrementa o orzamento aos programas de emprego, 17,7 Mill €.= En definitiva a Xunta de Galicia está a incrementar os orzamentos destinados ás persoas que máis o necesitan, ao benestar , e inviste 8 de cada 10 euros da xunta en "gasto social" para melloralala calidade de vida dos Galegos.= Polo tanto non é certo que o goberno galego esté a recortar axudas ao "gasto social". A Xunta fai máis con menos, xa que agora o ornamento non chega a 8.000 Mill €. e se está destinando máis recursos económicos dos que destinaban o PSOE e o BNG cun ornamento na xunta de Galicia moito maior que o actual.= Pero en referencia ao centro SAIAR, se puideron en contacto cun dos responsables da Consellería de Traballo e Benestar interesándose polo estado do centro. Que lles comentaron que incluso lles chegaban correos preguntando, si era certo que se quería privatizar este centro ou pechalo, e lles







Ilmo Concello de  
CAMBADOS

contestaron que esto nunca se fará por parte da administración autonómica.= En relación co copago, este é o único centro de toda Galicia que, por distintos problemas burocráticos ao longo de décadas, non tiña establecido o copago, o que é unha irregularidade (lles dixeron). Polo tanto, de non aplicarse o copago, existiría unha situación de privilexio e de insularidade con respecto ao resto de usuarios de discapacidade.= A Consellería de Traballo acordou establecer unha moratoria ata que se publicara o decreto da carteira de servizos sociais.= O copago afecta por igual a todos os centros e usuarios de servizos públicos de promoción da autonomía e dependencia. Non é nada novo, nin nada posto en marcha pola Xunta de Galicia. O copago existe nos servizos sociais desde a década dos 80 e así o abonan en función da súa renda os distintos beneficiarios e usuarios destes servizos.= Con todo, a necesidade de aplicar o copago é unha cuestión da que estaban convenientemente informados (se lles dixo dende a Xunta) os pais e nais dos usuarios do centro O Saiar., xa que a Consellería de Traballo, a través de varios encontros e reunións, analizou con eles a obrigabilidade de implantar esta medida e mesmo acordou a obrigabilidade dunha moratoria.= Tamén hai que destacar que o copago que aboarán os usuarios non chegaría ao 8% do custo total que cada praza supón para a Administración Autonómica.= Que eles entenden que debe continuar sendo gratuito e por elo apoiarán este acordo.= En canto ás obras para a mellora e acondicionamento do centro ocupacional, a Consellería de Traballo e Benestar mantén o seu compromiso de levalas a cabo, toda vez que se solucionen as cuestións e carácter patrimonial existentes en relación a este centro. A Consellería está dando os pasos necesarios e realizando os trámites oportunos neste sentido.= Saben que hai cambadeses en este centro polo tanto desexan que sigan sendo beneficiarios de este servizo gratuito para a mellora da calidade de vida dos nosos veciños; e remata dicindo que por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular votará a favor.

Contéstaselle por parte da Sra. Alcadesa que é certo parte do que dixo pero tamén é certo que houbo moitos país de afectados que non foron recibidos cando gobernaba o seu partido.

O Sr. Aragunde Aragunde contestalle que no Concello sempre se recibiu a todo o mundo.


A Sra. Alcadesa di que iso é o que din eles, e que non obstante, debería pasar polo centro para comprobar que está nunha situación deplorable.

O Sr. Argunde Aragunde di que sí foi o anterior Tenente de Alcalde ó Centro de Saiar e que sempre se lles prestou atención dende o Concello.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: dezaseis (Sres.: Abal Varela, Aragunde Argunde, Brea Troncoso, Caamaño Rivas, Cacabelos Domínguez, Charlín Trigo, Cordal Rodríguez, Cores Chaves, Gómez Blanco, Iglesias Pombo, Martínez Piñeiro, Pérez Osorio, Prado Pomares Botana, Varela Piñeiro e Sra. Alcadesa).

Votos en contra: ningún.




- Abstencións: ningunha.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda, interesar da Xunta de Galicia:

- 1.- Que rectifique a súa política en relación co Centro Ocupacional de O Saiar, de maneira que se anule o copago previsto para que siga sendo un centro gratuito para as persoas usuarias; e,
- 2.- Que se fagan as reformas necesarias para a modernización das instalacións e o correcto funcionamento do centro.

**4º.- ADOPCIÓN, SE PROCEDE, DE ACORDO POR PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL DO CONCELLO DE CAMBADOS PARA QUE A BIBLIOTECA MUNICIPAL PASE A CHAMARSE "LUÍS REI".**

Por parte do Concelleiro D. Vicotr M. Caamaño Rivas, dase conta da seguinte Proposta, dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deporte, en reunión celebrada o día 26.08.2015: "Constantino Cordal Rodríguez, na súa condición de concelleiro do Concello de Cambados, comparece e como mellor proceda en dereito di:= Que ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os artigos 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificaciónda Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal o seguinte acordo: = MOTIVOS: Luís Rei, falecido o pasado 10 de agosto, foi un home comprometido co desenvolvemento cultural de Cambados e o responsable da biblioteca municipal do noso -Concello durante décadas, sendo ademais o artífice do seu crecemento e unha referencia imprescindible para varias xeracións de usuarios e usuarias da mesma.= A cultura galega en xeral, a do Salnés e a de Cambados en particular tiveron na súa persoa un paladín xeneroso, entusiasta e incansable. Dedicou anos de anos de esforzó a estudar a figura de Ramón Cabanillas, escribindo unha biografía brillante e definitiva sobre o autor de Vento mareiro e divulgando constantemente as maravillas da súa obra.= Divulgou en artigos e traballos espallados en toda caste de revistas numerosos aspectos, anécdotas, feitos históricos e personaxes do seu Salnés, moi particularmente das dúas vilas que constituíron os esteos da súa identidade, Cambados e O Grove.= E, por se todo isto non abundase, despregou durante varias décadas, en constante diálogo cunha lexión de persoas da cultura e do ensino, todo o seu bo facer como técnico cultural da nosa vila, enchéndoa de bo teatro, boa música e boas exposicións de arte.= Por todo o exposto, e a xeito de merecida homenaxe póstuma, o Goberno de Cambados, PROPÓN: Que a biblioteca municipal pase a denominarse Biblioteca Luís Rei"





Ilmo Concello de  
CAMBADOS

O Portavoz do P.P., Sr. Aragunde Aragunde di que o seu grupo tamén está a favor da proposta toda vez que Luís Rei deixou unha pegada importante en Cambados e coida que todos temos moito que agradecerlle.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: dezaseis (Sres.: Abal Varela, Aragunde Argunde, Brea Troncoso, Caamaño Rivas, Cacabelos Domínguez, Charlín Trigo, Cordal Rodríguez, Cores Chaves, Gómez Blanco, Iglesias Pombo, Martínez Piñeiro, Pérez Osorio, Prado Cores, Pomares Botana, Varela Piñeiro e Sra. Alcaldesa).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: ningunha.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda que a Biblioteca Municipal de Cambados pase a chamarse Biblioteca Luís Rei.

**5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA.**- Fáise constar que xa se lle entregou a cada Portavoz dos Grupos Políticos, senllas fotocopias das resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria, xunto coa restante documentación dos asuntos incluídos na orde do día do Pleno, dándose a Corporación Municipal por enterada.

**6º.- CONTESTACIÓN A PREGUNTAS FORMULADAS.**- Contestación a preguntas formuladas polo Portavoz do Partido Popular, D. Luís Aragunde Aragunde, en escrito de data 24.08.2015 (R.E. nº 2015005477):

Referentes á Festa do Viño Albariño.-

1º.- Ademáis dos 15 operarios que xa tiña contratados o goberno do PP en maio deste ano, que contratación fixo o actual goberno para reforzar a limpeza na Festa do Albariño, como anunciou nos medios de comunicación?.= Resposta.- En total, o numero de operarios no Albariño, adicados á limpeza, foi de 50 persoas, 15 máis que en anteriores edicións.

2º.- Foron contratados para o domingo do albariño, como en anos anteriores e a maiores dos xa incorporados polo plan provincial de emprego de tódolos anos, o reforzó de 10 persoas para a limpeza viaria?.= Resposta.- Dende o ano 2008, as Administracións Públicas non pode incrementar a masa salarial bruta, o que se traduciu na imposibilidade de contratar novo persoal. Así se recolle no art. 21 da Lei 36/2014 de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.

3º.- O portavoz do goberno, anunciou no seu día que aforrarían 20 mil euros que se lle daba ao Capítulo Serenísimos do Albariño para a celebración do evento de distincións que se celebra no palacio de Fefiñáns. Pode decirnos de que partida orzamentaria se lle deron en anos anteriores 20 mil euros de subvención ao Capítulo Serenísimos?.= Resposta.-O que se dixo por parte do Portavo, e do resto dos membros do equipo de goberno foi que se ían



a aforrar 20.000 € ó organizar o Capítulo Serenísimos o acto do Patio de Armas.= A estimación do aforro fíxose baixo a comparativa dos anos anteriores, e os datos son os seguintes: 6 operarios para montaxe do palco, do sombreado e das sillas no Patio de Armas, fora da xornada laboral (posto que tiñan outras ocupacións), é dicir, en horas extras 6.000 € aprox. (arredor 15 días); emisión e grabación do acto en televisión, 5.000€ aprox.; gastos de protocolo e aloxamento da responsable de protocolo, 3.000 €; trofeos e distincións entregadas no acto, 1.500€ aprox.; flores para a decoración do Patio, 1.000 €; impresión das tarxetas para acudir ó acto, 500€; aluguer de sillas, 1.000€; aforro de 30 invitacións ó xantar, 1.200€; equipo de son e megafonía, 1.750€.= Total: 19.750€

En canto a de qué partida orzamentaria se dispoñía en anteriores anos para afrontar este gasto, parécenos absurda a pregunta, ninguén mellor que vostedes para contestala. Nos anos que estivemos na oposición non se nos facilitou nin éste nin outros datos similares.

4º.- Canto foi o custe total da Festa do Albariño deste ano?.= Resposta: Tendo en conta que a Festa rematou este mes, está claro que aínda non contamos con todas as facturas.= Cando as teñamos en aras da transparencia, serán publicadas na propia páxina web do Concello.= De igual xeito, publicaremos as facturas do Albariño do ano pasado, que sí chegaron este mes e o anterior de xullo, e que seguen chegando.

5º.- Cal foi o custe total da actuación do Grupo James incluíndo o caché, a produción e a hospitalidade?.= Resposta: Caché: 40.000€ netos; produción e hospitalidade: 10.000€ máis IVE.

6º.- Cal foi o custe total da Festa do Albariño deste ano?.- Resposta: O custe foi o seguinte: aluguer da carpa, 6.050€; catering, 20.097€; vieiras, 2.272,05€; pulpo, aínda non hai factura.= A este importe hai que restarlle o que pagaron os propios comensais que acudiron ó xantar sen invitación e que foi de 40€/prato.

7º.- Cantos comensais invitou o -Concello ao Xantar do Albariño?. Solicitamos relación de convidados.= Resposta: A relación de convidados e de asistentes que sí pagaron, será entregada por escrito.= Os invitados foron 389, 100 invitados menos que o ano anterior, contando os invitados do Consello Regulador.

8º.- Foi superior o custe da Festa do Albariño aos 70 mil euros que dicía en campaña electoral no seu programa SOMOS CAMBADOS?.= Resposta: O programa está colgado desde a campaña electoral na páxina web de Somos Cambados e en ningún momento di eso.

9º.- Tivo algún ingreso o -Concello pola empresa privada que instalou un quiosco cunha bebida que non está dentro das autorizadas polo Consello Regulador?. Cree o equipo de





Ilmo Concello de  
CAMBADOS

gobierno que na Festa do Albariño se debe recibir aos invitados cun licor e non con un viño albariño Rías Baixas?.= Resposta: O Consello Regulador era coñecedor de que se ía facer a presentación dun vermuth, totalmente innovador feito con albariño.= A proposta foi do Secretario do Capítulo Serenísimos, e esta empresa correu co gasto do catering de recepción de autoridades e obsequiou con agasallos a varios convidados.

Referente ao parque infantil de Castrelo:

Por que non se fixo aínda a soleira para o parque infantil de Castrelo?. Fai máis de dous meses que está adquirido o terreo e contratado ese parque infantil, esperan a que chegue a época de choivas para que os nenos de Castrelo poidan "gozar" deste novo parque?.= Resposta: A soleira ascendía a un custe de 40.000€, según o orzamento que vostede xa coñece pois foi feito o proxecto na anterior legislatura, e como estivemos negociando unha rebaixa, agora custará case 7.000€ na súa totalidade, e comezarase esta obra a finais da semana próxima.

Referente á subvención da Dirección Xeral de Comercio para a Praza de Abastos:

Dende a páxina web do Concello se informou da concesión dunha subvención de 24 mil euros (subvención xestionada polo anterior goberno do PP), na que se invitaba a ofertar e presentar propostas a empresas interesadas. Posteriormente sen rematar o procedemento desapareceu a noticia da web. Presentou oferta algunha empresa?. Que obra queren executar con esa subvención?. Adxudicaron esas obras?. Resposta: Si, presentáronse ofertas.= Debido a que a anterior corporación fixo a obra, sen ningún tipo de procedemento de contratación, é dicir, verbalmente, prohibido terminantemente pola lexislación vixente, estas obras non poden ser subvencionadas ó contar cun reparo da interventora. A día de hoxe, está a factura destas obras sen pagar, polo que terá que ser levada a un vindeiro recoñecemento extraxudicial de crédito, ó carecer de aplicación orzamentaria.= Solicitouse ante a Consellería de Industria unha modificación desta subvención, para non perdela, para acometer as obras duns contenedores soterrados nas inmediacións da praza de abastos.

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se formularon.

E non tendo máis asuntos que tratar, douse por rematada a sesión sendo ás vinteunha horas e trinta minutos, de todo canto como secretario certifico, de orde e co visto e prace da Sra. alcaldesa, coas reservas do art. 206 do ROF, debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

